

Boletín nº2 Deporte de Orientación

XVIII TROFEO UNIVERSIDADE de VIGO. TROFEO VILA de CANGAS

XXVIII LIGA GALEGA

3ª PROBA I LIGA INTERREXIONAL GALICIA-N. PORTUGAL

Sábado, 15 de xuño de 2019

Xurado Técnico:

Jorge Piñeiro (Ártabros)
Martín Morales (Limia A.)
José Luis Armada (UVigo)

Xuíz Controlador:

Conchi Bello (USC)

Información Técnica:

Lémbrales a todas as persoas participantes que a proba discurrirá en todo momento polo espazo natural de Nerga-Donón, polo que é de obrigado cumprimento o máximo respecto á zona, evitando en todo momento berrar, falar en alto, tocar claxons, pisotear especies vexetais, etc.

Lembramos tamén que salvo extrema necesidade non se deberá achegarse aos aerais e zonas dunares das praias (marcados xa como zonas prohibidas).

Os/as deportistas deberán acatar en todo momento as indicacións do persoal de Medio Ambiente que están presentes na zona.

Para evitar molestias ás aves da zona non haberá megafonía na proba, polo que as persoas participantes estarán atentas ao persoal da organización.

Están detectadas zonas do plano nas que hai un leve cambio na vexetación, debido ás condicións climatolóxicas.

Calculamos que se viron alteradas un grao máis.

Se ben non é preocupante, recomendamos a utilización de polainas.

No punto sinalado no plano co símbolo dun “**vaso**”, haberá unha fonte perfectamente localizable.

En diversas zonas do mapa hai unha gran densidade de controis, por iso é preciso comprobar, máis que nunca, o código da baliza.

Peché de meta: 14:00 horas

Técnico SportIdent:

Magnífico, Kiko Veiga.

Trazados:

Magnífico, Manu Fariña.

Trofeos:

Tres primeiros clasificadas/os na categoría E

PERCORRIDO	CATEGORÍAS	Nº CONTROLES	DISTANCIA	DESNIVEL
1	INI CURTA/F12/M12	8	2.2	75
2	F14/M14	9	2.2	90
3	F16/M16/F50	11	2.8	120
4	INI LONGA	12	2.8	130
5	F18	13	3.0	135
6	F21B/M18	14	3.2	155
7	F45/M21B	15	3.5	145
8	F40/M50	14	4.0	160
9	F35/M45	14	4.3	175
10	F21A/M40	16	4.8	220
11	M35	13	5.2	195
12	M21A	14	5.7	200
13	FE	14	6.0	220
14	ME	21	6.9	255

Saídas INI-C. INI-L

Recordase que para os percorridos de INI-C. INI-L a saída será na modalidade **ESTACIÓN START**. (sen hora de saída fixada)

Entre as 10.30- 11.30 h.